



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE ECONOMIA,
EMPREGO E INDUSTRIA E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO
GRANITO DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE
VALORIZACIÓN DA PEDRA NATURAL MEDIANTE A VIXILANCIA
TECNOLÓXICA QUE FOMENTEN O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR DO
GRANITO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Enerxía de Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar coa Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende 10 de novembro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto determinar o marco de colaboración entre a Consellería de Economía, Industria e Emprego e a Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia para a realización de actuacións e traballos técnicos para a valorización da pedra natural (en especial, do granito) mediante a vixilancia tecnolóxica que fomente o desenvolvemento do sector galego pedra natural e, en especial, do sector do granito.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O feito de que o convenio teña como beneficiario á FCTGG basease na importancia de que as accións incluídas no incluso sexan desenvolvidas ao amparo dun ente de carácter técnico e profesional que, segundo o artigo 4º dos seus estatutos ten como obxecto





principal “contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade da industria do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios, particularmente en Galicia” Ademais, a FCTGG é socio técnico da Asociación Clúster do Granito que é a entidade profesional do sector graniteiro galego.

Deste xeito, vélese ademais pola intención da Xunta de Galicia de fomentar as actuacións colectivas, xuntando os esforzos ao redor dos problemas do sector, o que permite definir unha planificación estratéxica e unha mellora conxunta dirixida a potenciar a competitividade do sector do granito de Galicia e a diferenciación dos produtos galegos. O desenvolvemento do presente convenio trae causa nos estudos e traballos técnicos levados a cabo ata o momento pola FCTGG, co apoio e a colaboración da ACG ao estar aliñado co Plan Estratéxico Sectorial, polo que se trata do ente idóneo para as actividades obxecto deste convenio.

Polo que, atendendo ao carácter singular que se deriva das excepcionais circunstancias nas que se realizan as actividades obxecto de convenio, concorren circunstancias que determinan a dificultade de promover a concorrência dada a finalidade e as características específicas das actuacións para realizar, para os efectos do establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e do establecido na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, na que figura a aplicación orzamentaria 09.20.734A -781.1 “Plan de dinamización do uso do granito no mercado nacional e programa de vixilancia tecnolóxica” Código de Proxecto: 2016 00371 “Convenio coa Fundación Centro Tecnolóxico do Granito”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

